

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL 2024-2028

Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

COMPARECEN

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Consellería), nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14.04.2024), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose mutua e reciprocamente a capacidade para obrigarse, mediante o convenio para o que previamente

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación



Profesional, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Concretamente, entre estas funcións, correspóndelle a coordinación do Sistema universitario de Galicia.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2024, do 20 de maio, é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia. Correspóndelle planificar a oferta de ensino universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación coas universidades galegas, incidindo na mellora continua do Sistema universitario de Galicia (SUG) e na súa conexión e adaptación ao contorno, para dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

TERCEIRO.- Que a Universidade da Coruña (UDC) é unha entidade que forma parte do sector público institucional, á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica do sistema universitario.

CUARTO.- O Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea, e Europa innovadora. Sobre estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.

A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da



Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade, e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación en Galicia para este período, así como o *Plan galego de investigación e innovación 2022-2024*, que concreta este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda, a través da I+D+i, tres grandes retos da economía e da sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, facilitando a colaboración e o aliñamento coa especialización de Galicia, e o obxectivo estratéxico 5 busca impulsar a Marca Galicia como activo para a I+D+i que permita posicionar a Galicia no mundo neste ámbito e apancar investimento externo.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo, polo seu carácter transversal, aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico facer máis visible e accesible a oferta de coñecemento e facilitar a transferencia ao conxunto do tecido empresarial (obxectivo estratéxico 1), e impulsar a presenza internacional de Galicia no ámbito da I+D+i (obxectivo estratéxico 5), integrándose polo tanto nos programas Integra e Posiciona.



QUINTO.- A especialización dos campus constitúe un novo modelo de organización universitaria que xorde despois dunha fonda análise do SUG co obxecto de rexuvenecelos e facelos máis competitivos. Todo isto no marco dun programa que pretende impulsar unha dinámica de especialización dos campus do SUG nunha articulación e agregación harmonizada e complementaria das capacidades docentes e de investigación das universidades galegas arredor de temáticas –dominios de coñecemento ou retos sociais e económicos– en que estas presenten maiores fortalezas ou oportunidades para avanzar cara a maiores niveis de calidade, ben polo prestixio acadado ou porque son un vector de desenvolvemento socioeconómico.

SEXTO.- Para avanzar na implantación desta estratexia en Galicia, a Consellería veu impulsando dende o ano 2013, de xeito pioneiro, a especialización dos campus nas universidades do SUG. Así, púxose en marcha un programa de especialización que levou á sinatura de convenios de colaboración coas tres universidades nos que se financiaron os traballos necesarios para a elaboración dos plans estratéxicos e dos programas de necesidades funcionais dos distintos campus, tendo en conta as súas peculiaridades específicas, sendo obxectivos principais os seguintes:

- Promover a especialización e diferenciación dos campus de acordo cos principios do novo modelo de organización universitaria.
- Establecer o posicionamento e o enfoque estratéxico dos campus con respecto aos ámbitos especializados elixidos.
- Reforzar a colaboración estratéxica entre as estruturas de goberno e os axentes económicos e sociais como vía para fortalecer o papel das universidades como axentes dinamizadores do territorio.
- Facilitar a reestruturación da oferta docente de acordo cos retos sociais e as demandas do tecido produtivo nos ámbitos de especialización dos campus.
- Impulsar a creación de polos de referencia en I+D+i por medio da reorganización, agrupación e especialización das capacidades científicas.



SÉTIMO.- Logo de varias anualidades colaborando no financiamento dos plans de especialización dos distintos campus, a Consellería regulou no ano 2019 o procedemento de acreditación destes, en virtude do cal, cada campus debidamente acreditado dará lugar á posibilidade de sinatura dun convenio de colaboración que contribuirá ao financiamento das actividades desenvolvidas.

O procedemento mencionado no parágrafo anterior estableceuse na *Orde do 10 de setembro de 2019 que regula o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do SUG (ED442B)*, publicada no DOG núm. 177, do 18 de setembro de 2019. Trátase dun procedemento aberto que se pode iniciar en calquera momento a través da universidade do SUG á que pertenza o campus.

OITAVO.- O Campus Industrial de Ferrol (CIF) da UDC foi o primeiro que iniciou o procedemento para acreditarse como campus de especialización do SUG. Esta acreditación foi concedida por un período de tres anos, segundo quedou establecido na Resolución do 11 de marzo de 2021 pola que se acredita o Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia (SUG), publicada no DOG núm. 58, do 26 de marzo de 2021.

O 28 de outubro de 2021 formalizouse o convenio de colaboración entre a Consellería e a UDC para as anualidades 2021 e 2022, que tivo por obxecto o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar ao Campus Industrial de Ferrol (CIF) dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas da súa contorna, así como dunha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación. Dito convenio foi obxecto dunha primeira addenda en 2022 e dunha segunda en 2023 que ampliaron a vixencia do convenio ata o 30 de xuño de 2024, sen prexuízo de que os gastos subvencionables comprendan ata o 11 de marzo de 2024, en cumprimento do período de acreditación do Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización do SUG.

NOVENO.- Transcorrido ese período é preciso someter ao campus a un proceso de reacreditación que se desenvolve da seguinte maneira:

- O 5 de xullo de 2023 o secretario xeral de Universidades dita a Instrución 2/2023 para a renovación da vixencia da acreditación do Campus Industrial de Ferrol, que



se estenderá por un período de catro anos dende a súa concesión e cuxo procedemento cumpriu cos seguintes trámites:

- Con data do 31 de xullo de 2023 a UDC presentou a solicitude e a documentación complementaria para a renovación da acreditación como campus de especialización do SUG. Atendendo ao procedemento establecido, a avaliación levouse a cabo a través dun panel de persoas expertas externas ao SUG (Comité de Avaliación), que se encargou de analizar a documentación e elaborar os informes de avaliación.
- De acordo ao establecido na Instrución 2/2023, con data do 15 de novembro de 2023 o Comité de Avaliación emitiu o seu Informe final de avaliación para a acreditación como campus de especialización do CIF.
- Con data do 28 de novembro de 2023 o secretario xeral de Universidades, tendo en conta o Informe final de avaliación e como órgano instrutor do procedemento, elevou ao Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades un informe-proposta, sobre a renovación da vixencia de acreditación do CIF.
- Con data do 29 de novembro de 2023 o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ditou a *Resolución pola que se renova a vixencia da acreditación do Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia (SUG)*, publicada no DOG núm. 239, do 19 de decembro de 2023, de acordo ao procedemento establecido na Orde do 10 de setembro de 2019 que regula o procedemento, e que establece que a nova acreditación estenderase por un período de catro anos dende a súa concesión.
- Con data 15 de febreiro de 2024, a UDC presenta, polo rexistro electrónico da Xunta de Galicia, a seguinte documentación:
 - Un programa de necesidades para o CIF, baseándose no Informe final de avaliación, coa finalidade de potenciar a especialización deste e que é obxecto do presente convenio.
 - Un panel de indicadores de execución e resultado, tendo en conta o disposto no punto 2.9 da Resolución de renovación de acreditación e coa finalidade de obxectivar o cumprimento das condicións da acreditación, recollido nun protocolo entre a Consellería e a UDC que inclúe un sistema de vixilancia e seguimento da acreditación concedida e no anexo I deste convenio.



DÉCIMO.- A especialización do CIF supón dotalo de identidade propia, centrada en 2 focos principais: o sector naval e oceánico e o sector industrial, que actúan a modo de núcleos centralizadores sobre os que se articulan as demais áreas de especialización do campus (Enxeñería naval e oceánica; Enxeñería industrial; Dinámica de fluídos; Intelixencia computacional, robótica e sensorización; Loxística e transporte; Enxeñería de materiais e polímeros; Enxeñería e eficiencia enerxética; e, Ciencias do traballo e xestión de coñecemento). Todo isto a través dunha especialización docente e científica que permite aproveitar as potencialidades da súa contorna facendo máis dinámica a economía, non só na comarca, senón tamén a nivel rexional, nacional e internacional.

Por conseguinte, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de seguir dotando ao Campus Industrial de Ferrol (CIF) dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas da súa contorna, así como dunha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

Os obxectivos son consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Industrial de Ferrol (CIF).

O orzamento será de 6.644.400,00 €, distribuídos nas anualidades 2024, 2025, 2026, 2027 e 2028, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:



ACTUACIÓNS	2024 (dende 12 de marzo)	2025	2026	2027	2028 (ata 12 de marzo)	Total 2024-2028
1. INVESTIGACIÓN						
	2024	2025	2026	2027	2028	Total
1.1. Captación e retención de talento	512.500,00 €	764.500,00 €	725.500,00 €	466.000,00 €	71.000,00 €	2.539.500,00 €
1.2. Programa de doutoramento industrial	80.000,00 €	80.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	210.000,00 €
1.3. Produción científico-técnica	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	0,00 €	240.000,00 €
1.4. Equipamento/software especializado industria intelixente	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	0,00 €	800.000,00 €
1.5. Accións para o apoio á axenda científica/ potenciar o centro de investigación do CIF	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €	200.000,00 €
SUBTOTAL	902.500,00 €	1.154.500,00 €	1.085.500,00 €	776.000,00 €	71.000,00 €	3.989.500,00 €
2. TRANSFERENCIA						
	2024	2025	2026	2027	2028	Total
2.1. Unidade de relación industrial	72.800,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	8.400,00 €	321.200,00 €
2.2. Xestión e comercialización de patentes	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €	40.000,00 €
SUBTOTAL	82.800,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	8.400,00 €	361.200,00 €
3. INTERNACIONALIZACIÓN						
	2024	2025	2026	2027	2028	Total
3.1. Unidade de relación internacional	72.800,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	8.400,00 €	321.200,00 €
3.2. Comercialización oferta docente a nivel internacional	82.900,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	8.400,00 €	361.300,00 €
3.3. Programa mobilidade internacional do PDI	35.500,00 €	35.500,00 €	35.500,00 €	35.500,00 €	0,00 €	142.000,00 €
SUBTOTAL	191.200,00 €	205.500,00 €	205.500,00 €	205.500,00 €	16.800,00 €	824.500,00 €
4. DOCENCIA E OFERTA FORMATIVA						
	2024	2025	2026	2027	2028	Total
4.1. Plan de formación continua en industria intelixente	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	0,00 €	320.000,00 €
4.2. Estudo da demanda de necesidades formativas e da empregabilidade	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €	40.000,00 €
4.3. Comercialización da oferta docente a nivel nacional	40.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	0,00 €	160.000,00 €
4.4. Programa de seminarios especializados	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €	200.000,00 €
SUBTOTAL	180.000,00 €	180.000,00 €	180.000,00 €	180.000,00 €	0,00 €	720.000,00 €
5. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO CIF						
	2024	2025	2026	2027	2028	Total
5.1. Estratexia de comunicación/difusión do CIF	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €	80.000,00 €
SUBTOTAL	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €	80.000,00 €
6. GOBERNANZA						
	2024	2025	2026	2027	2028	Total
6.1. Equipo de Xestión do Campus Industrial	146.200,00 €	175.000,00 €	131.250,00 €	131.250,00 €	25.500,00 €	609.200,00 €
6.2. Gobernanza	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	0,00 €	60.000,00 €
SUBTOTAL	161.200,00 €	190.000,00 €	146.250,00 €	146.250,00 €	25.500,00 €	669.200,00 €
TOTAL FINAL	1.537.700,00 €	1.840.000,00 €	1.727.250,00 €	1.417.750,00 €	121.700,00 €	6.644.400,00 €

SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración coa UDC para levar a cabo as seguintes actuacións (6) no CIF, como campus acreditado do SUG no período 2024-2028, en concreto dende o 12 de marzo de 2024 ata o 12 de marzo de 2028, desde o remate do financiamento do anterior convenio e para dar cobertura á nova acreditación por un período de 4 anos, tal e como se detalla a continuación:



ACTUACIÓN 1: INVESTIGACIÓN

ACTUACIÓN	2024 (dende 12 de marzo)	2025	2026	2027	2028 (ata 12 de marzo)
1. INVESTIGACIÓN					
1.1. Captación e retención de talento	512.500,00 €	764.500,00 €	725.500,00 €	466.000,00 €	71.000,00 €
1.2. Programa de doutoramento industrial	80.000,00 €	80.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €
1.3. Producción científico-técnica	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	0,00 €
1.4. Equipamento/software especializado industria intelixente	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	0,00 €
1.5. Accións para o apoio á axenda científica / potenciar o CITENI	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €
SUBTOTAL	902.500,00 €	1.154.500,00 €	1.085.500,00 €	776.000,00 €	71.000,00 €

1.1. Programa Talento. Programa propio do CIF dirixido á captación e retención de talento investigador. Dentro deste programa desenvolveranse varias accións:

- **Contratación de persoal investigador postdoutoral con proxección e ampla traxectoria internacional.**

Neste eido, o financiamento servirá para:

- A) Costear os contratos das 4 persoas investigadoras postdoutorais iniciados no 2022 e no 2023 ao longo das 3 anualidades 2024, 2025 e 2026.
- B) Costear os contratos para 3 novos investigadores ou investigadoras postdoutorais, con convocatorias en 2024, 2025 e 2026.

Os custos destas convocatorias do CIF abranguerán tanto o salario das persoas contratadas como axudas para o establecemento da súa propia liña de investigación. Incluírse así mesmo a cota a conta do empregador da seguridade social do persoal investigador contratado. A entidade beneficiaria debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota a conta do empregador da seguridade social ou calquera outra incidencia.

Cabe destacar que estes contratos postdoutorais deberán estar relacionados coas liñas de especialización do Campus Industrial de Ferrol, tendo en conta tanto as áreas preferentes na I+D como na docencia.

Coas accións A e B contribuírse a seguir mellorando o indicador de persoal contratado posdoutoral, e ademais, estas redundarán na consecución doutros indicadores do Campus Industrial de Ferrol relacionados coa produción científica: número de artigos, número de proxectos, financiamento captado. Pódese ver que o gasto estabilízase na anualidade 2025 debido a que empezan a finalizar os contratos iniciados no 2022 e que se espera poidan ter continuidade noutro tipo de convocatorias ou contratos na UDC.

- **Contratación de persoal investigador predoutoral.**

Neste ámbito, o financiamento proposto para as seguintes anualidades permitirá:

- A) Costear os salarios das 7 persoas contratadas predoutorais nos 2022 e 2023 ao longo do trienio. Incluírse así mesmo a cota a conta do empregador da seguridade social do persoal investigador contratado. A entidade beneficiaria debe asumir o custo da



contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota a conta do empregador da seguridade social ou calquera outra incidencia.

- B) Nos anos 2024, 2025 e 2026, publicaranse as convocatorias doutros 4 contratos de doutoramento (2 en 2024, 1 en 2025 e 1 en 2026), facendo coincidir as convocatorias coas matrículas de doutoramento. Estes contratos terán que manterse nos vindeiros anos.

Os custos destas convocatorias abranguerán tanto o salario como axudas para a realización de estadías de tres meses de duración no estranxeiro para optar ao doutoramento internacional e seguros de accidentes e responsabilidade social para cubrir a este persoal no estranxeiro. Incluirase así mesmo a cota a conta do empregador da seguridade social do persoal investigador contratado. A entidade beneficiaria debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota a conta do empregador da seguridade social ou calquera outra incidencia.

De novo, os proxectos de tese propostos nestas convocatorias deberán estar relacionados coas liñas de especialización do Campus Industrial de Ferrol.

Coas accións A e B contribuírase ao número de persoas investigadoras predoutorais contratadas, o que redundará, igual que no caso do persoal posdoutoral, na consecución doutros indicadores do Plan Estratéxico do Campus Industrial de Ferrol, como poden ser o número de artigos, congresos etc.

Para a contratación deste persoal investigador, tanto posdoutoral como predoutoral, levarase a cabo unha campaña de difusión para atraer talento de alto potencial nas liñas de especialización máis interesantes e que constitúen os piares do Campus Industrial: robótica, materiais, enxeñería naval e offshore, optimización de procesos industriais, xestión industrial e desenvolvemento do produto.

Ao finalizar cada anualidade aportarase, xunto coa xustificación do convenio, un informe correspondente á execución de actividades de cada unha das persoas contratadas no programa talento.

- **Costear as retribucións da persoa técnica de I+D en fabricación aditiva.**

1.2. Programa de doutoramento industrial.

Programa propio do CIF para a formación de 2 doutores ou doutoras en empresas mediante o cofinanciamento dos contratos laborais do persoal investigador.

O financiamento proposto permitirá dar continuidade ao programa de doutoramento industrial e costear os contratos de dúas persoas investigadoras de doutoramento industrial do CIF con contratos iniciados en 2022.

1.3. Produción Científico-Técnica.

Para potenciar a produción científico-técnica realizaranse distintas accións:

- Programa de visitas de persoas investigadoras estranxeiras para favorecer a internacionalización do CIF e as relacións con outras universidades en termos de investigación. As visitas servirán para potenciar a publicación dos resultados de investigacións conxuntas ou a petición de proxectos europeos conxuntos. Para poder



materializar esta acción, o CIF publicará unha convocatoria na que se priorizarán as estadias de longa duración, superior a un mes.

- Apoio para facilitar que o persoal investigador do CIF difunda os seus resultados de investigación mediante a publicación en revistas en aberto de pago, en especial en revistas D1 e Q1 do JCR.
- Bolsas de verán para incentivar a incorporación do estudantado de mestrado das titulacións do CIF nos programas de doutoramento deste ou para a incorporación de estudantado matriculado no último curso de grao das titulacións do CIF aos mestrados do CIF, involucrando ás persoas participantes nalgunha liña de investigación que poida dar lugar a algunha publicación. A duración destas bolsas será de dous meses, cunha dedicación de 25 horas semanais.
- Organización dunha xornada de doutorandas e doutorandos na que se fomenten as sinerxías entre distintos grupos e persoas investigadoras noveles para iniciar novas colaboracións. A duración desta xornada será dun día e os custos previstos utilizaranse para a compra de material de promoción, no protocolo do evento e nos custos de desprazamento das persoas investigadoras.
- Apoio para a realización dalgunha xornada na que persoas expertas en convocatorias nacionais ou europeas informen acerca das posibilidades de financiamento tanto ás persoas investigadoras como ás empresas interesadas neste tipo de colaboración.
- Material de identidade corporativa para atender ás distintas visitas de investigación e difundir os resultados da investigación.
- Material necesario para a promoción da investigación: stands, show-rooms, sinalética etc.
- Contratación de asesoría técnica para a presentación de candidaturas de proxectos europeos en ámbitos temáticos ou sectoriais (Horizonte Europa, Green Deal e Blue Growth, entre outros), para abordar a solicitude e a coordinación daqueles proxectos máis complexos, ben polo número de participantes no consorcio ou ben polo montante económico.

Con estas accións intentarase contribuír aos indicadores do Plan Estratéxico do CIF seguintes: 22. Número de proxectos captados en candidaturas competitivas nacionais, 23. Número de proxectos captados en candidaturas internacionais, 24. Importe dos recursos captados en proxectos competitivos nacionais, 25. Importe dos recursos captados en proxectos competitivos internacionais, 27. Número de publicacións indexadas en JCR no primeiro cuartil (Q1).

1.4. Adquisición de equipamento e software especializado co obxectivo de fortalecer as capacidades tecnolóxicas nas liñas estratéxicas do CIF.

O obxectivo desta acción é dotar os investigadores do Campus Industrial co equipamento científico punteiro preciso para afianzar as liñas estratéxicas do CIF. Para materializar a mesma, o CIF publicará unha convocatoria para a adquisición de pequeno equipamento científico, consistente en accións de financiamento de equipamento científico, de pequeno importe. Así mesmo, poderá atenderse as solicitudes pendentes de anteriores convocatorias.

1.5. Accións para o apoio á axenda científica / potenciar o centro de investigación do CIF (CITENI).



Accións para consolidar a nova estrutura de investigación e apoiar a súa axenda científica:

- Contratación de asesoría técnica para a potenciación das capacidades científicas do CIF, para favorecer a formación de consorcios ou para a solicitude de proxectos directamente relacionados coas persoas investigadoras adscritas ao CIF.
- Proxectos 5.0. Trátase dun programa que pretende apoiar aos proxectos disruptivos que se poidan iniciar no CIF. Mediante esta convocatoria financiaranse 2 proxectos; o financiamento poderá servir para a adquisición de material funxible de laboratorio, contratación de servizos externos, viaxes e dietas e gastos de persoal.
- Programa de visitas que financie estadias de persoal investigador de interese e de recoñecido prestixio no centro para un ano sabático ou para estadias temporais.
- Visitas a outros centros de referencia tanto a nivel nacional coma internacional por parte da dirección do CIF ou do CITENI, para mellorar o posicionamento do centro e coñecer as vantaxes e desvantaxes de diferentes estruturas de gobernanza e dos distintos modelos de organización, para aplicalos na mellora continua do CITENI.
- Apoio ás necesidades na incorporación do persoal contratado Ramón y Cajal.

ACTUACIÓN 2: TRANSFERENCIA

ACTUACIÓN 2. TRANSFERENCIA	2024 (dende 12 de marzo)	2025	2026	2027	2028 (ata 12 de marzo)
2.1. Unidade de relación industrial	72.800,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	8.400,00 €
2.2. Xestión e comercialización de patentes	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €
SUBTOTAL	82.800,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	8.400,00 €

2.1. Unidade de relación industrial.

Nesta acción incluíranse, en primeiro lugar, as retribucións da persoa técnica de transferencia que pon en valor as capacidades de I+D do CIF.

Propóñense, ademais, distintas accións dirixidas a conectar co tecido produtivo e potenciar as capacidades do CIF contribuindo á captación de financiamento por convenios de colaboración e contratos de asistencia técnica con entidades públicas ou privadas e o CIF. Algunhas desas accións serán as seguintes:

- Actualización de materiais de soporte: mapas de capacidades das persoas investigadoras, folletos de formación a empresas, folletos de equipamento dispoñible no CIF, de prestación de servizos, e, en xeral calquera tipo de material de soporte que permita visibilizar as capacidades do CIF.
- Viaxes e desprazamentos:
 - A) Visita ás empresas da contorna, pero tamén a empresas da comunidade, nacionais ou internacionais coas que se poida establecer calquera colaboración que contribúa á petición de proxectos conxuntos, á investigación das liñas estratéxicas do CIF ou



ao establecemento dalgunha nova liña que poida resultar de interese para ambos axentes.

- B) Asistencia a xornadas e foros organizados por empresas, organismos públicos, clústeres, asociacións empresariais etc. nos que se creen espazos de colaboración universidade-empresa ou nos que se informe acerca de convocatorias e axudas tanto á investigación como á transferencia.
- Organización de xornadas de empresas no CIF nas que se creen espazos de mesas redondas, matchmaking e coworking para favorecer a interacción de persoas investigadoras e tecido produtivo.
- Potenciar a relación coa industria a través da creación de novas cátedras de colaboración co sector produtivo e financiadas polas propias empresas, especialmente de carácter internacional.

Con estas accións contribuírase aos indicadores do Plan Estratéxico do CIF seguintes: 31. Número de convenios de colaboración ou contratos de asistencia técnica con entidades públicas ou privadas, 32. Recursos captados por actividades de transferencia co sector a través de convenios de colaboración ou contratos de asistencia técnica con entidades públicas ou privadas, 33. Número de cátedras subscritas, 34. Número de entidades públicas e privadas con proxección internacional coas que se colabora.

2.2. Xestión e comercialización de patentes.

Nesta acción, propónse a realización dunha convocatoria para patentes ou rexistros software, que estableza unha liña de axudas aos gastos derivados das solicitudes de patentes ou rexistro software para facilitar que o persoal investigador adscrito ao CIF poida patentar os seus resultados de investigación.

Isto permitirá acadar o indicador 26 do Plan Estratéxico do CIF 2024-2027 (Número de patentes, modelos de utilidade e rexistros de software rexistradas).

ACTUACIÓN 3: INTERNACIONALIZACIÓN

ACTUACIÓN	2024 (dende 12 de marzo)	2025	2026	2027	2028 (ata 12 de marzo)
3. INTERNACIONALIZACIÓN					
3.1. Unidade de relación internacional	72.800,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	8.400,00 €
3.2. Comercialización oferta docente a nivel internacional	82.900,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	8.400,00 €
3.3. Programa mobilidade internacional	35.500,00 €	35.500,00 €	35.500,00 €	35.500,00 €	0,00 €
SUBTOTAL	191.200,00 €	205.500,00 €	205.500,00 €	205.500,00 €	16.800,00 €

Accións tendentes a unha maior visualización do CIF fóra das nosas fronteiras. Reforzo e incremento dos títulos compartidos con outras universidades e potenciación dos títulos con docencia bilingüe. Mobilidade e internacionalización da docencia mediante prácticas docentes en empresas internacionalizadas e colaboracións con institucións universitarias estranxeiras. Impulso da colaboración con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros para a realización de proxectos de I+D. Participación en redes.

Isto permitirá acadar o cumprimento dos indicadores definidos en canto a número de representantes internacionais, número de estudantes estranxeiros/as, número de entidades públicas e privadas internacionais coas que se colabora, prácticas docentes en empresas



internacionalizadas e colaboracións con institucións universitarias estranxeiras, colaboracións reais e efectivas con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros e participación en redes, participación en proxectos europeos e creación da Oficina de Relación Internacional do CIF.

Algunhas das accións que se porán en marcha neste eido serán as seguintes:

3.1. Unidade de relación internacional.

- Retribucións da persoa técnica de internacionalización do CIF para pór accións en marcha neste eido, tanto a nivel docente coma investigador.

Propóñense, ademais, distintas accións destinadas a mellorar a internacionalización do CIF. Algunhas desas accións serán as seguintes:

- Dietas de viaxes e desprazamentos internacionais da persoa técnica de transferencia para:
 - A) Asistencia a feiras de promoción de títulos.
 - B) Establecemento de acordos con outras entidades estranxeiras, tanto públicas como privadas, universidades, empresas etc., como poden ser a petición de proxectos, os programas de prácticas ou a creación de títulos compartidos coma doutorados internacionais.
 - C) Visitas a empresas, universidades ou centros tecnolóxicos internacionais.
- Creación de materiais de soporte en inglés: folletos, vídeos, mapas de capacidades investigación, oferta de servizos de investigación, equipamento, oferta académica, etc.
- Contratación de axencias de captación de estudantes no estranxeiro.
- Accións no Campus Industrial de Ferrol para a captación de estudantes estranxeiros e estranxeiras:
 - A) International Summer School. Ofertaranse bolsas de aloxamento e manutención e será necesario costear a loxística do evento no campus: gastos de protocolo, material de promoción etc.
 - B) Staff Week. É preciso financiar a loxística do evento no campus: viaxes para visitas, saídas, material de promoción.

Con estas accións contribuírase aos seguintes indicadores do Plan Estratéxico do CIF: 10. Taxa de estudantes que participan en programas de mobilidade docente, 12. Número de estudantes estranxeiros/as en relación ao total, 13. Número de prácticas docentes en empresas internacionalizadas, 29. Número de colaboracións con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros, 30. Número de redes internacionais nas que se participa.

3.2. Comercialización da oferta docente a nivel internacional.

- Programa de captación de alumnado estranxeiro por medio de bolsas de mestrado dirixidas a egresados/as estranxeiros/as que queiran cursar estudos oficiais de mestrado universitario nas titulacións do CIF.



- Bolsas para mulleres estranxeiras que veñan a cursar estudos de mestrado ou doutoramento no CIF en colaboración con dúas institucións:
 - A) Fundación Carolina.
 - B) Mulleres por África.
- Contratación de servizos especializados de comercialización de oferta no estranxeiro ou promoción dos títulos en plataformas de promoción das titulacións no estranxeiro como por exemplo StudyPortals.

Con estas accións contribuírase aos seguintes indicadores do Plan Estratéxico do CIF: 10. Taxa de estudantes que participan en programas de mobilidade docente, 12. Número de estudantes estranxeiros/as en relación ao total, 29. Número de colaboracións con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros, 30. Número de redes internacionais nas que se participa.

3.3. Programa de mobilidade internacional do PDI.

Programa orientado a financiar estadias, intercambios e visitas de PDI do CIF no estranxeiro, para incentivar a internacionalización do CIF e conseguir colaboracións con outras entidades internacionais. Tamén se pretende incentivar a participación do persoal investigador do CIF en proxectos europeos e apoiar o deseño de actividades formativas internacionais.

Neste caso, publicarase unha convocatoria dirixida á realización de estadias no estranxeiro de duración igual ou superior a 1 mes.

ACTUACIÓN 4: DOCENCIA E OFERTA FORMATIVA

ACTUACIÓN	2024 (dende 12 de marzo)	2025	2026	2027	2028 (ata 12 de marzo)
4. DOCENCIA E OFERTA FORMATIVA					
4.1. Plan de formación continua en industria intelixente	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	0,00 €
4.2. Estudo da demanda de necesidades formativas e da empregabilidade	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €
4.3. Comercialización da oferta docente a nivel nacional	40.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	40.000,00 €	0,00 €
4.4. Programa de seminarios especializados	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €
SUBTOTAL	180.000,00 €	180.000,00 €	180.000,00 €	180.000,00 €	0,00 €

Propóñense unha serie de accións enfocadas a achegar as titulacións ás necesidades da industria de todos os sectores que son estratéxicos para o CIF, como poden ser o téxtil, enerxético, naval, metal-mecánico, videoxogos etc.:

4.1. Plan de Formación continua nas liñas estratéxicas do CIF.

Neste eido propóñense varias accións:

- Programa de formación dirixido a sectores industriais.



- Programa de seminarios impartidos por persoas profesionais da industria en graos e mestrados do CIF.
- Programa de mobilidade nacional do PDI para a formación nas liñas estratéxicas do CIF. A mobilidade que financie estadias deste programa terá unha duración superior a 1 mes.
- Necesidades de materiais tecnolóxicos para a docencia que permitan mellorar os graos ou mestrados no eido das liñas de especialización do CIF.

Neste punto valorarase tamén a realización de actividades de formación para o profesorado naquelas competencias necesarias para a impartición de docencia nas novas titulacións do CIF.

Con estas accións contribuírase aos seguintes indicadores do Plan Estratéxico do CIF: 9. Taxa de gradación na oferta de grao e mestrado en n+1 anos, 11. Taxa de alumnado egresado que se emprega nunha actividade directamente relacionada cos estudos cursados, 14. Número de seminarios e actividades formativas impartidas, 15. Número de asistentes no Plan de formación continua, 16. Valoración da calidade dos seminarios e actividades formativas, 17. Número de títulos universitarios novos e postos en marcha ou renovados.

4.2. Estudo da demanda de necesidades docentes e da empregabilidade do alumnado egresado do CIF.

No ámbito da Docencia, na liña de estudo da demanda de necesidades docentes e empregabilidade, contemplase a realización dun estudo para a análise da demanda das necesidades docentes e da empregabilidade do alumnado egresado do CIF.

Esta acción permitirá acadar os seguintes indicadores do Plan Estratéxico do CIF: 11. Taxa de alumnado egresado que se emprega nunha actividade directamente relacionada cos estudos cursados (Análise da demanda de empregabilidade do alumnado egresado).

Así mesmo, propónse a implementación dunha bolsa de traballo centralizada de tódalas especialidades do CIF, mellorando a accesibilidade do alumnado a ofertas das distintas titulacións do campus.

4.3. Estratexia comercial para a captación de estudantado a nivel nacional.

As accións neste eido serán variadas e detállanse a continuación:

- Deseño e creación de materiais promocionais para as feiras de promoción das titulacións, eventos etc.: folletos, merchandising, stands, roll-ups, photocall etc.
- Dietas de viaxes e desprazamentos a:
 - A) Feiras de promoción.
 - B) Eventos relacionados coas titulacións do CIF.
 - C) Empresas, para o establecemento de colaboracións para a realización de prácticas nas titulacións en que estas son curriculares.
- Organización de xornadas de portas abertas, feiras e eventos organizados polo CIF para a captación de estudantes ou de xornadas de promoción das prácticas na empresa.



- Organización dun campamento de verán dirixido a nenos, nenas e adolescentes en temáticas relacionadas coas liñas estratéxicas do CIF.
- Colaboración en actividades de promoción de vocacións científicas:
 - A) First Lego League.
 - B) STEMBach.
 - C) InspiraSTEM.
 - D) Programa Explorer.
 - E) Hackathons para nenos e nenas.
 - F) Actividades de promoción en centros de secundaria e institutos. Preténdese colaborar na loxística e protocolo destas actividades.
- Proponse un novo proxecto, a participación do Campus Industrial de Ferrol na experiencia Green Power para a fabricación dun vehículo para a competición, dentro das actividades dos graos de enxeñería.
- Organización de actividades de innovación docente.
- Programa de posicionamento das páxinas web das titulacións do CIF nas épocas previas ás matriculacións nos centros.

Coas accións propostas no apartado 4.3., contribuírse ao indicador do Plan Estratéxico do CIF 2024-2027: 8. Taxa de cobertura de prazas en títulos de grao e mestrado e 18. Taxa de PDI participante na implementación de metodoloxías docentes innovadoras.

4.4 Oferta de seminarios docentes nos ámbitos de especialización do CIF.

Actuación dirixida a complementar os programas docentes dos graos e mestrados do CIF.

Con esta acción contribuírse aos seguintes indicadores do Plan Estratéxico do CIF: 9. Taxa de gradación na oferta de grao e mestrado en n+1 anos e 11. Taxa de persoas egresadas que se empregan nunha actividade directamente relacionada cos estudos cursados.

ACTUACIÓN 5: COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO CIF

ACTUACIÓN	2024 (dende 12 de marzo)	2025	2026	2027	2028 (ata 12 de marzo)
5. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN					
5.1. Estratexia de comunicación/difusión do CIF.	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €
SUBTOTAL	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €

Actuación orientada a mellorar o posicionamento comunicativo do CIF para lograr un mellor impacto das súas actuacións.

5.1. Estratexia de comunicación e difusión do CIF.

Levaranse a cabo distintas actividades de difusión e dinamización:

- Eventos de cara á sociedade:
 - Foros impartidos por persoal de investigación do CIF nos que se acheguen temas de



investigación realizada no CIF de interese para a sociedade. Será necesario dispor de orzamento para materiais promocionais e para loxística e protocolo dos eventos.

- Participación en espazos de radio promocionados polo CIF nos que se visibilicen as distintas accións realizadas no campus, así como o traballo do persoal docente e investigador.
- Distintas accións para mellorar o posicionamento en redes sociais: concursos, pímulas informativas etc.
- Materiais promocionais.
- Promoción en redes mediante personaxes con influencia en medios ou RRSS.

Con estas accións preténdese contribuír aos indicadores do Plan Estratéxico do CIF 2024-2027 seguintes: 35. Número de seguidores/as nos perfís de RRSS do CIF, 36. Número de publicacións realizadas en RRSS en cada idioma, 37. Número de visitas á web do CIF, 38. Número de participantes en accións de divulgación e cultura científica do CIF, 39. Número de eventos de divulgación organizados e participantes nestes.

ACTUACIÓN 6: GOBERNANZA

ACTUACIÓN	2024(dende 12 de marzo)	2025	2026	2027	2028 (ata 12 de marzo)
6. GOBERNANZA					
6.1. Equipo de xestión do Campus Industrial	146.200,00 €	175.000,00 €	131.250,00 €	131.250,00 €	25.500,00 €
6.2. Gobernanza	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	0,00 €
SUBTOTAL	161.200,00 €	190.000,00 €	146.250,00 €	146.250,00 €	25.500,00 €

6.1. Equipo de Xestión do CIF.

O financiamento desta acción empregárase no salario de parte do persoal de xestión específico do CIF:

- Técnico/a de apoio ao I+D.
- Técnico/a de comunicación e difusión.
- Técnico/a administrativo/a.
- Técnico/a de apoio en sistemas informáticos e de indicadores.

Incluirase así mesmo a cota a conta do empregador da seguridade social do persoal contratado. A entidade beneficiaria debe asumir o custo da contratación que exceda da axuda concedida así como calquera incremento retributivo correspondente a anos posteriores do persoal investigador contratado, incrementos da cota a conta do empregador da seguridade social ou calquera outra incidencia.

Con esta acción contribuírase ao indicador número 3 do Plan Estratéxico do CIF 2024-2027, número de unidades de servizos da Oficina do Campus Industrial, e ao número 4, presuposto anual captado e xestionado pola Oficina do Campus Industrial.

Ademais, inclúense custos de:



- Material funxible.
- Material de oficina necesario para as actividades do Campus Industrial.
- Material informático.
- Accións de mantemento do Equipo de Xestión do Campus Industrial.
- Gastos de protocolo.

6.2. Gobernanza

Acción orientada a financiar a participación das colaboracións nos órganos de goberno do CIF, tanto internas da UDC como externas.

Con esta acción contribuírase ao indicador número 1 do Plan Estratéxico do CIF 2024-2027: número de representantes internacionais nos órganos de goberno do CIF; e tamén ao número 2: número de axentes privados participando nos órganos de goberno do CIF. Por outra banda tamén se apoiarán os indicadores 5 a 7, relacionados coa axenda científica: 5. Número de actualizacións da axenda científica, 6. Número de PDI vinculado coa implementación da axenda e 7. Número de reunións do grupo de traballo permanente.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UDC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A UDC comprométese a desenvolver as accións descritas, a someterse a avaliación continua do desenvolvemento das accións específicas para o Campus de Especialización, así como a facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A UDC comprométese a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a UDC comprométese a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en relación co artigo 11 da citada Lei.



A UDC tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), as entidades beneficiarias deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a UDC non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de seis millóns seiscientos corenta e catro mil catrocentos euros (6.644.400,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 37.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro). As anualidades do 2027 e 2028 integraranse no novo plan de financiamento, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

ANUALIDADES	2024	2025	2026	2027	2028	TOTAL
	1.537.700€	1.840.000€	1.727.250€	1.417.750€	121.700€	6.644.400€

Esta cantidade de 6.644.400 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do



regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinados a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e da información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das



obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 30 de novembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.
- Un informe relativo ao cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos no protocolo.
- Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (6), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.



- Deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Así mesmo, os pagamentos realizados no mes de decembro das anualidades de 2024, 2025, 2026 e 2027 poderán presentarse como xustificante de gasto do ano seguinte, ante a imposibilidade de presentalos na anualidade correspondente por estar rematado o período de xustificación.

Ademais, por mor das características da evolución dinámica do CIF, poderá redistribuírse o orzamento dos subapartados de cada actuación dentro dunha mesma anualidade, sempre que se manteña o orzamento global da actuación e previa autorización da comisión de seguimento establecido na cláusula sétima.

Para o pagamento da anualidade do 2028, a UDC achegará a documentación que figura nesta cláusula antes do 12 de abril de 2028, correspondendo como gastos subvencionables os comprendidos ata o 12 de marzo de 2028.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas, de acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir a esta responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:



- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, un ou unha das cales ostentará a presidencia.
- Tres membros da Universidade da Coruña.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A Dirección do CIF deberá entregar á Comisión de Seguimento o grao de cumprimento dos indicadores establecidos no anexo I deste convenio antes do 10 de novembro de cada anualidade.

A Comisión de Seguimento poderá reunirse para examinar o grao de avance dos indicadores e emitir instrucións e/ou recomendacións coa finalidade de orientar ao CIF ao cumprimento das metas establecidas na táboa de indicadores e obxectivos (segundo o plan estratéxico do CIF, período 2024 – 2028) – Anexo I deste convenio.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Pagamentos a conta

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual, agás na última anualidade. No caso desa última anualidade, non se permitirán pagos a conta. Só será posible un único pagamento final polo importe máximo establecido no convenio.

O pagamento a conta poderá supoñer a realización dun pagamento fraccionado que responderá ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:



- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- O importe conxunto dos pagamentos a conta non excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada.

Para proceder ao seu pagamento a UDC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula quinta.

A realización de pagos a conta quedará condicionada ao cumprimento, pola parte beneficiaria, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización de pagamentos a conta está exenta da constitución de garantías por parte das universidades, de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 53 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

NOVENA.- Modificación do convenio

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fora dos casos permitidos nas presentes cláusulas, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital da última persoa asinante, sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde o 12 de marzo de 2024, e terá vixencia ata o 2 de maio de 2028, sen prexuízo de que os gastos subvencionables abarquen ata o 12 de marzo de 2028.

UNDÉCIMA.- Extinción do convenio

Non obstante ao establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha delas ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión...

O procedemento de acreditación como campus de especialización esténdese ás tres universidades do SUG, potenciando a identidade propia de cada un dos seus campus a



través da especialización e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento da súa actividade investigadora.

A tal fin, asinaranse convenios singulares coas outras universidades do SUG que soliciten, e lles sexa outorgada segundo o procedemento establecido, a acreditación para os seus respectivos campus. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1 do 28 de outubro de 2022), a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante, a UDC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente



expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados nese decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a beneficiaria no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste, así como o resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1.b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente



Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Ricardo José Cao Abad

Reitor da Universidade da Coruña (UDC)



ANEXO I

TÁBOA DE INDICADORES E OBXECTIVOS (SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DO CIF, PERIODO 2024 – 2028)

a) Dimensión 1: Gobernanza Participativa

Está formada por catro indicadores e ten unha ponderación do 2%.

Dimensión 1: Gobernanza Participativa (Ponderación 2 %)							
	INDICADOR	OBXECTIVO	PONDERACIÓN	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 03/2026	OBXECTIVO 03/2028	UNIDADE DE MEDIDA
1.	Número de representantes internacionais nos órganos de goberno do CIF.	4 representantes internacionais nos órganos de goberno do CIF.	10%	2	3	4	Bruto anual
2.	Número de axentes privados participando nos órganos de goberno do CIF.	9 axentes privados nos órganos de goberno do CIF.	10%	9	9	9	Bruto anual
3.	Número de unidades de servizo da Oficina do Campus Industrial.	6 unidades de servizo na Oficina do Campus Industrial.	30%	7	7	6	Bruto anual
4.	Presuposto anual captado e xestionado pola Oficina do Campus Industrial	Incremento do 25 % do presuposto captado e xestionado pola Oficina do CIF	50%	3.861.406,33€ (21-23)	4.250.000 € (+ 10%)	4.800.000 € (+ 25%)	Media anual



b) Dimensión 2: Axenda de Especialización Científica

Está formada por tres indicadores e ten unha ponderación do 3%.

Dimensión 2: Axenda de Especialización Científica (Ponderación 3 %)							
	INDICADOR	OBXECTIVO	PONDERACIÓN	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 03/2026	OBXECTIVO 03/2028	UNIDADE DE MEDIDA
5.	Número de actualizacións da Axenda.	Analizar e formular unha renovación da axenda científica xunto co desenvolvemento do plan estratéxico.	25%	Anual	0	1 (Fin 2027)	Bruto agregado
6.	Número de PDI vinculado coa implementación da Axenda.	Definición de, polo menos, 7 PDI garantes das distintas liñas estratéxicas do CIF.	70%	7	7	7	Bruto anual
7.	Número de reunións do grupo de traballo permanente.	Realización dunha reunión anual do grupo de traballo permanente, coincidindo coa comisión de I+D.	5%	2 anuais	2 (1 anual)	2 (1 anual)	Bruto anual



c) Dimensión 3: Docencia consolidada

Está formada por doce indicadores e ten unha ponderación do 30%.

Dimensión 3: Docencia consolidada (Ponderación 30 %)							
	INDICADOR	OBXECTIVO	PONDERACIÓN	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 03/2026	OBXECTIVO 03/2028	UNIDADE DE MEDIDA
8.	Taxa de cobertura de prazas en títulos de grao e mestrado	Mantemento das matrículas en graos e incremento do 5% en mestrado. Análise detallada por titulacións, prestando especial interese a aquelas creadas/modificadas baixo o CIF.	15%	Grao: 94% Mestrado: 68%	Grao: 94% Mestrado: 70 %	Grao: 94% Mestrado: 72 %	Taxa anual
9.	Taxa de graduación na oferta de grao e mestrado en n+1 anos.	Incremento das taxas de graduación en grao e mestrado do 5%. Análise detallada por titulacións, prestando especial interese a aquelas creadas/modificadas baixo o CIF. Plan de acción enfocado a aquelas especialmente baixas.	15%	24,62%	25%	26%	Taxa anual
10.	Taxa de estudantado que participa en programas de mobilidade.	Incremento do 10 % de alumnado en programas de mobilidade. Realizarase unha análise detallada do tipo de mobilidade, duración da estadía, país de procedencia, programa etc.	10%	6,92%	7,20%	7,70%	Taxa anual
11.	Taxa de persoas egresadas que se empregan nunha actividade directamente relacionada cos estudos cursados (Análise de demanda de empregabilidade de persoas egresadas).	Taxa superior ao 70% de aquelas persoas egresadas que se empregan nunha actividade directamente relacionada cos estudos cursados. Proponse o desenvolvemento dunha bolsa de emprego centralizada do CIF.	10%	Grao: 67,60 % Mestrado: 87,50 %	Grao e mestrado: 68%	Grao e mestrado: 70%	Taxa anual



12.	Número de estudantes estranxeiros/as en relación ao total.	Incremento do 20% de alumnado estranxeiro en relación co total. Abordarase unha análise detallada da procedencia do alumnado.	5%	6,99%	7,50%	8,50%	Taxa anual
13.	Número de prácticas docentes en empresas internacionalizadas.	Incremento do 10% do alumnado realizando prácticas docentes en empresas internacionalizadas de duración maior a 1 mes.	10%	10	10	11	Bruto anual
14.	Número de seminarios e actividades formativas impartidas.	Mantemento do número de seminarios e actividades formativas realizadas ao ano.	2%	aprox. 60	60	60	Bruto anual
15.	Número de asistentes no Plan de Formación Continua.	Incremento do 5% do número de asistentes anuais ao Plan de Formación Continua.	3%	798	820	840	Bruto anual
16.	Valoración da calidade dos seminarios e actividades formativas.	Obter unha valoración anual nas enquisas igual ou superior a 4 (baremos entre 1 e 5)	5%	4,2 sobre 5,0	4	4	Media anual
17.	Número de títulos universitarios novos postos en marcha ou renovados.	Posta en marcha ou modificación de, polo menos, dúas titulacións no ámbito de especialización do CIF.	10%	9	1	2	Bruto agregado
18.	Taxa de PDI participante na implementación de metodoloxías docentes innovadoras.	Incremento do 10% do PDI participante en accións docentes innovadoras. Nova convocatoria para a formación de profesorado en novas titulacións implementadas baixo o paraugas do CIF.	10%	39,60%	42%	44%	Taxa anual
40.	Número de eventos internacionais organizados.	Incremento do 5% do número de eventos internacionais organizados.	5%	12 (21-23)	7	13	Bruto agregado



d) Dimensión 4: I+D+i reforzada

Está formada por trece indicadores e ten unha ponderación do 30%.

Dimensión 4: I+D+i reforzada (Ponderación 30 %)							
	INDICADOR	OBXECTIVO	PONDERACIÓN	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 03/2026	OBXECTIVO 03/2028	UNIDADE DE MEDIDA
19.	Número de postdoutorais contratados/as. Captación de talento.	Incorporación de dous contratados/as postdoutorais, analizando o tipo de convocatoria na que se capta.	10%	7	1	2	Bruto agregado
20.	Número de predoutorais contratados/as. Captación de talento predoutoral.	Incorporación de tres contratados/as predoutorais, analizando o tipo de convocatoria na que se capta.	10%	11	2	3	Bruto agregado
21.	Número de doutorados industriais.	Formalización dun doutorado industrial en convocatoria pública.	10%	5	1	1	Bruto agregado
22.	Número de proxectos captados en candidaturas competitivas nacionais.	Captación de máis de 5 proxectos ao ano en convocatorias públicas nacionais, con máis de 10 solicitudes anuais.	2%	47 (21-23)	6 /año	6 /año	Bruto anual
23.	Número de proxectos captados en candidaturas competitivas internacionais.	Captación bianual dun proxecto de investigación e dun proxecto de docencia en convocatorias públicas Internacionais.	3%	13 (21-23)	2	4	Bruto agregado
24.	Importe dos recursos captados en proxectos competitivos nacionais.	Incremento dun 25 % dos recursos captados en proxectos en convocatorias competitivas nacionais.	10%	4.869.017€ (21-23)	3.000.000,00 €	6.087.500 € (+ 25%)	Bruto agregado
25.	Importe dos recursos captados en proxectos competitivos internacionais.	Incremento dun 25 % dos recursos captados en proxectos en convocatorias competitivas internacionais.	10%	1.331.574,46€ (21-23)	800.000,00 €	1.662.500 € (+ 25%)	Bruto agregado
27.	Número de publicacións indexadas en JCR no primeiro cuartil (Q1).	Incremento dun 10 % no número de publicacións en Q1 do JCR.	10%	204 (21-23)	150	225	Bruto agregado



28.	Número de teses de doutoramento realizadas.	Incremento dun 10% no número de teses doutorais realizadas en temáticas do campo do CIF.	10%	34 (21-23)	22	38	Bruto agregado
29.	Número de colaboracións con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros.	Incremento dun 10 % no número de colaboracións con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiras, analizando o tipo de colaboración.	5%	318	340	350	Bruto agregado
30.	Número de redes internacionais nas que se participa.	Incremento dun 10 % no número de redes internacionais en que se participa, analizando tanto os contidos como o dinamismo das mesmas.	5%	17	18	19	Bruto anual
41.	Número de predoutorais e posdoutorais que realizan estadías no estranxeiro.	Incremento dun 5 % do número de persoas contratadas postdoutorais e predoutorais que realizan estadías no estranxeiro de duración maior a un mes.	5%	11 (21-23)	6	12	Bruto agregado
42.	Número de persoas investigadoras estranxeiras visitantes.	Incremento do número de persoas investigadoras estranxeiras visitantes, ponderando en maior medida as visitas de máis dun mes de duración.	10%	28 (21-23)	15	30	Bruto agregado



e) Dimensión 5: Relación co tecido produtivo / Transferencia

Está formada por sete indicadores e ten unha ponderación do 20%.

Dimensión 5: Relación co el tecido produtivo / Transferencia (Ponderación 20 %)							
	INDICADOR	OBXECTIVO	PONDERACIÓN	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 03/2026	OBXECTIVO 03/2028	UNIDADE DE MEDIDA
26.	Número de patentes, modelos de utilidade ou rexistros de software rexistrados.	Solicitude dunha patente ao ano (4 solicitadas ao final do período, 2 concedidas ou 1 en explotación).	20%	14 (21-23)	2 patentes	4 patentes	Bruto agregado
31.	Número de convenios de colaboración ou contratos de asistencia técnica con entidades públicas ou privadas.	Incremento do 10 % no número de convenios ou contratos subscritos.	5%	53 (21-23)	40	58	Bruto agregado
32.	Recursos captados por actividades de transferencia co sector a través de convenios de colaboración ou contratos de asistencia técnica con entidades públicas ou privadas.	Incremento do 10 % nos recursos captados a través de convenios ou contratos.	50%	5.383.629,53€ (21-23)	2.900.000,00 €	5.923.500 € (+ 10%)	Bruto agregado
33.	Número de cátedras subscritas.	Subscrición dunha cátedra internacional no ámbito de especialización do CIF.	10%	3 (21 - 23)	1	1	Bruto agregado
34.	Número de entidades públicas e privadas con proxección internacional coas que se colabora.	Incremento do 10 % no número de empresas públicas ou privadas coas que se colabora anualmente.	5%	316 (23)	340	340	Bruto anual
43.	Número de eventos con axentes empresariais organizados.	Incremento do 10 % no número de eventos con axentes empresariais que se organizan.	5%	25 (21-23)	14	28	Bruto agregado
44.	Número de eventos con axentes empresariais aos que se asiste.	Incremento do 10 % no número de eventos con axentes empresariais aos que se asiste.	5%	18 (21-23)	10	20	Bruto agregado



f) Dimensión 6: Visibilización e divulgación científica

Está formada por seis indicadores e ten unha ponderación do 5%.

Dimensión 6: Visibilización e divulgación científica (Ponderación 5 %)							
	INDICADOR	OBXECTIVO	PONDERACIÓN	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 03/2026	OBXECTIVO 03/2028	UNIDADE DE MEDIDA
35.	Número de seguidores/as nos perfís de RRSS do CIF.	Incremento dun 15 % do número de seguidores/as nos perfís do CIF en RRSS.	5%	6874	7600	7900	Bruto anual
36.	Número de publicacións realizadas nas RRSS en cada idioma.	Incremento do número de publicacións anuais en galego (15 %) e en español e inglés (50 %) nas RRSS do CIF.	5%	1162 / 35 / 9 ('23)	1280 / 50 / 15	1340 / 53 / 15	Bruto anual
37.	Número de visitas á web do CIF.	Incremento dun 15 % no número de visitas anuais á páxina web do CIF.	5%	25602 ('22)	28160	29442	Bruto anual
38.	Número de participantes en accións de divulgación e cultura científica do CIF.	Mantemento do número de participantes anuais en accións de divulgación e cultura científica do CIF.	15%	870 (23)	870	870	Bruto anual
39.	Número de eventos de divulgación organizados.	Incremento dun 5 % no número de eventos de divulgación organizados anualmente.	20%	38 ('23)	39	40	Bruto anual
45.	Número de mencións en medios das actividades do CIF.	Incremento dun 10 % do número de mencións anuais en medios das actividades do CIF.	50%	452 ('23)	475	500	Bruto anual



g) Valor transversal. Internacionalización

Está formado por nove indicadores e ten unha ponderación do 10%.

Os indicadores propostos para o seguimento do avance deste valor transversal contribúen tamén ao seguimento doutras dimensións, motivo polo que se recollen previamente noutros apartados, segundo corresponde a cada indicador.

Valor transversal. Internacionalización (Ponderación 10 %)							
	INDICADOR	OBXECTIVO	PONDERACIÓN	SITUACIÓN 2023	OBXECTIVO 03/2026	OBXECTIVO 03/2028	UNIDADE DE MEDIDA
29.	Número de colaboracións con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros.	Incremento dun 10 % no número de colaboracións con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiras, analizando o tipo de colaboración.	15%	318	340	350	Bruto agregado
30.	Número de redes internacionais nas que se participa.	Incremento dun 10 % no número de redes internacionais en que se participa, analizando tanto os contidos como o dinamismo das mesmas.	5%	17	18	19	Bruto anual
34.	Número de entidades públicas e privadas con proxección internacional coas que se colabora.	Incremento do 10 % no número de empresas públicas ou privadas coas que se colabora anualmente.	5%	316 (23)	340	340	Bruto anual
40.	Número de eventos internacionais organizados.	Incremento do 5% do número de eventos internacionais organizados.	15%	12 (21-23)	7	13	Bruto agregado
41.	Número de predoutorais e posdoutorais que realizan estadías no estranxeiro.	Incremento dun 5 % do número de persoas contratadas postdoutorais e predoutorais que realizan estadías no estranxeiro de duración maior a un mes.	15%	11 (21-23)	6	12	Bruto agregado
42.	Número de persoas investigadoras estranxeiras visitantes.	Incremento do número de persoas investigadoras estranxeiras visitantes, ponderando en maior	20%	28 (21-23)	15	30	Bruto agregado



		medida as visitas de máis dun mes de duración.					
12.	Número de estudantes estranxeiros/as en relación ao total.	Incremento do 20% de alumnado estranxeiro en relación co total. Abordarase unha análise detallada da procedencia do alumnado.	10%	6,99%	7,50%	8,50%	Taxa anual
13.	Número de prácticas docentes en empresas internacionalizadas.	Incremento do 10% do alumnado realizando prácticas docentes en empresas internacionalizadas de duración maior a 1 mes.	10%	10	10	11	Bruto anual
1.	Número de representantes internacionais nos órganos de goberno do CIF.	4 representantes internacionais nos órganos de goberno do CIF.	5%	2	3	4	Bruto anual



h) Indicadores cualitativos

Inclúe 14 indicadores que permitirán analizar o avance en áreas de mellora relevantes para o CIF.

INDICADOR / OBXECTIVO	
C1.	Aumento da masa crítica do persoal docente e investigador adscrito ao CIF, incluído un incremento tanto das liñas como dos grupos de investigación, tanto en calidade como en cantidade.
C2.	Aumento do persoal investigador e dos grupos de investigación adscritos nas ramas da enxeñería eléctrica, electrónica, telecomunicacións e informática.
C3.	Posicionar ao CIF como referencia nacional nas liñas de fabricación aditiva e industria 4.0.
C4.	Establecer accións para a medida da calidade das teses de Doutoramento defendidas no ámbito do CIF e do nivel de formación dos doutorandos e doutorandas.
C5.	Aumento dos niveis de internacionalización da Escola Universitaria de Deseño Industrial.
C6.	Establecer accións para acadar os mínimos de cobertura de prazas nos Graos de Xestión Dixital da Información e Documentación e nos Mestrados en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía e Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.
C7.	Establecer accións para a análise causal das baixas taxas de graduación nos seguintes Graos e Mestrados: Graos en Enxeñería Electrónica Industrial e Automática, en Enxeñería en Tecnoloxías Industriais, en Enxeñería Mecánica e en Enxeñería Naval e Oceánica e no Mestrado en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético.
C8.	Potenciar o aliñamento co concepto do CIF das titulacións de Grao en Humanidades, o Mestrado en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas ou a Cátedra Diocese Mondoñedo-Ferrol-UDC.
C9.	Establecer accións para a medida do progreso e impacto das accións de formación do profesorado nas temáticas relacionadas coas novas titulacións desenvolvidas no CIF.
C10.	Potenciar a impartición en lingua inglesa de materias e titulacións do CIF.
C11.	Establecer accións para a mellora na conciliación da vida familiar e profesional do persoal contratado no CIF.
C12.	Establecer accións para a potenciación da imaxe do CIF a través das persoas egresadas das súas Titulacións.
C13.	Establecer novas estratexias de comunicación para o incremento do impacto do CIF no ámbito das Redes Sociais.
C14.	Potenciación da financiación a investigadores e investigadoras adscritas ao CITENI que contribúan activamente nas liñas de especialización do CIF.

